

A PENEDA E A PENA DE ANAMAO

21 a 23 de setembro de 2018

A Peneda-Gerêz é o único parque nacional de Portugal e índa sendo así e estar preto de nós, non volvíamos a visitar esta perla da natureza dende 2010 cando estivemos en Fafião. Nesta ocasión imos coñecer a parte noroccidental do parque, facendo base na súa



vila máis importante, Castro Laboreiro. A paisaxe está formada por extensas serras dominadas por masas graníticas nas que sobresaen enormes penedos como a Pena de Anamao, o Pico de Augas Santas ou o Penameda. Nos imos a achegarnos preto destes bicos, que é como lles chaman aquí a aquelas cumes que rematan nun curuto. Estas serras están salferidas por cursos de auga que

fenden o granito, formando as veces fermosísimas pozas como a da Assureira no río Laboreiro co fondo dunha ponte romana.

Tamén os ríos forman fervezas ás veces grandes e ás veces pequenas pero impresionantes como é a chamada Meadonha da Nossa Senhora da Peneda. Tamén a presenza humana fixo obras, unhas propias da sabeduría popular como brandas, currais e acuedutos, outras de orixe romana como pontes e tamén como de orixe medieval outras como o espléndido castelo de Castro Laboreiro ou o moi soado Pelourinho da vila.



O monte, na Peneda, esta cheo de carreiros dos andares dos moitos animais que por el transitan, non so as vacas da raza Barrosa con súas longas cornamentas e os cabalos garranos, senón tamén das cabras do Gerêz, das que con algunha posibilidade poderemos ver algún exemplar. Por iso hai que ter coidado cos cruzamentos dos camiños.

Para coñecer estes lugares faremos dúas rutas de dificultade media:

RUTA 1.- A PENA DE ANAMAO E AS CABRAS DO GERÊZ

A Pena de Anamao fai fronteira entre o noso Xurés galego e esta Peneda portuguesa, aínda que os seus dous curutos está por non moitas ducias de metros en terreo portugués. A súa



silueta a xeito de camélido é ben coñecida por todos aqueles que fixeron algures os 50 Km de Entrimo, xa que a ruta pasa sempre por marcos arraianos como os numerados 45 e 47 que fixan a fronteira, sitios ao pé da pena. Foi subido pola súa vertente máis vertical por primeira vez por un montañeiro vigués, máis os rapaces da zona adoitaban subilo pola parte máis amábel agatuñando entre lisas laxes

desafiando a vertixe, o día da romaría do Santuario que fica ao pé, o da Nossa Senhora de

Anamao, un dos lugares máis belidos do parque polo contraste entre a dozura do espazo e a rudeza do escenario pétreo.

O percorrido que faremos seguirá maiormente o “*trilho castrejo*” que, dende Castro Laboreiro decorre os antigos camiños que ligaban as brandas e as inverneiras. Son camiños que se remontan a idade media dos que restan algunhas pedras de calzada e algunhas pontes antigas. Son camiños que as veces atravesan vizosos bosques de *carvalho alvarinho*, matos rastreiros, floridos, ribeiros e regatos de augas cristalinas que regan as *pastaxes* cercados por muros de *pedra solta*.



Os pobos castrexos teñen dúas aldeas, isto é, cada familia ten dúas casas, unha na inverneira –onde pasan o inverno-, e outra na branda- onde están dende a Pascua ata xusto antes da matanza-. Nós imos pasar polas inverneiras de Barreiro, Assureira, Cainheiras e Varziela e a rentes das brandas de Seara, Padrosouro e Eiras. Completarémolo percorrido achegándonos á Pena de Anamao e ao seu santuario coa posibilidade de ver as cabras do Gerêz, que aínda que foron extinguidas ao limiar do século pasado hoxe, por milagres do mundo moderno, crían nesta paisaxe pétreo. Se o tempo fose *bom* poderíamos mergullarnos –levar *bañeiro*-, nunha das máis fantásticas pozas, a que se atopa no río Laboreiro, augas abaixo da ponte romana da Assueira, onde poderíamos xantar.

Percorrido circular. Distancia: 22 km. Desnivel: 1.200 m. Ruta algo longa polo que sairemos cedo.

RUTA 2.- A PENEDA, OS CURRAIS E AS AUGAS SANTAS

Cruzarémola serra para chegar ao Santuario da Nossa Senhora da Peneda, un dos lugares de peregrinación máis famosos do norte de Portugal, sito nun espazo natural fermosísimo, co pano de fondo das laxes pétreas nos que se acubilla unha escola de escalada ben coñecida pola súa rudeza e a belida fervenza da “Meadinha da Nossa Senhora”.

Para elo escolleremos unha ruta que cruza a serra por vales, ribeiros, penedos e bicos con espectaculares vistas, seguindo en gran parte o “Caminho dos romeiros” que ven dende Galicia cruzando o río Laboreiro e tamén o sendeiro coñecido como “Curro da Velha” que pasa a



carón de currais e brandas arrodeadas de agrestes pedregais.

No cume da serra atópase o pico de Augas Santas que ten unha pía de auga que xamais se seca, aínda nos veráns máis abafantes. A tradición conta milagres desa auga santa; moitas son as testemuñas que nos falan de extraordinarias curacións. Nos, se cadra,

tentarémola probar.

Percorreremos en descenso os pobos de Ribeiro de Cima, Pousíos e Ribeiro de Baixo onde unha pontella permite salvar a barrancada que forma o río Laboreiro entre as serras do Quinxo no Xurés e a serra da Peneda en Portugal. Este lugar fronteirizo, afastado de todas as estradas, era usado decote tanto de noite por contrabandistas como de día por crentes e tamén por labregos. De aquí comeza a subida á serra por estreitos carreiros entre currais e brandas. Arriba, no topo, as vistas abranguen espectaculares paisaxes. Finalmente un camiño laxeado en baixada conduciranos ao Santuario da Peneda onde remata a camiñada. Se houberse tempo dabondo, opcionalmente poderíamos subir a carón da escola de escalada e da ferverza da Meadonha para acadar a “barragem” dende onde poderíamos ver a xigantesca mole do Penameda.



Distancia: 13,8 km. Desnivel+: 535m. Desnivel-: 760m

QUE MAIS VER EN CASTRO LABOREIRO:

Castro Laboreiro pertence á freguesía de Lamas de Mouro. É a unha pequena vila que pola súa situación entre serras e penedos converteuse, de facto, na capital turística da Peneda, dentro do Parque Nacional da Peneda-Gerêz. En fronte do hotel, a menos de 500 m de distancia, está o castelo da vila enclavado nun outeiro roqueiro que paga a pena visitar, pasando a carón da muda testemuña da súa tartaruga pétreo. Tamén hai que ver o pelourinho, símbolo dos foros da vila, a igrexa matriz, e como non, facer unha visita ao *canil* no que están os máis puros exemplares do “*cão de Castro Laboreiro*”, caracterizado pola súa nobreza e gran valentía na defensa do seu. É unha das escasas razas de cans orixinarias de Portugal.



Hai que ver todos estes fitos, aínda que non andemos moi sobrados de tempo.

ALOXAMENTO, INSCRICIÓN E PRAZAS

PRAZAS CONVOCADAS: 35 (26)

ALOXAMENTO: As prazas convocadas son 26, ampliables a 35. Todas ben en cuartos de *casal* ou ben en duplos. No caso de poder ofrecer 35 prazas, estas serán nos seguintes aloxamentos:

- 25 das prazas no “*formidável Hotel Miracastro*”, segundo reza na súa páxina web <http://hotelmiracastro.com/>.

- As 10 restantes prazas serán nos non menos formidáveis hoteis Miradouro do Castelo ou Castro Villae preferentemente.



- Para a elección entre os aloxamentos terase en contas a orde de inscrición.

CEAS PORTUGUESAS: Como non, cada vez que imos a un sitio tentamos probar os seus pratos típicos, e neste caso non podía fallar o *bacalhau á broa*, un espectacular prato cociñado con agarimo neste recanto luso no que son especialistas os *nossos anfitriões*. Irá acompañado da saborosa sopa de legumes.



SAÍDA: 19 h. 30 m do venres 21 de setembro da praza Casares Quiroga (preto das Paxariñas).

CHEGADA: 21 h. do domingo 23.

MATERIAL: O propio das actividades do limiar do outono. Non esquecer o *bañeiro* e a toalla, sobre todo se quenta o sol, por mor de poder gozar das quedas e pozas de augas cristalinas que forman os ribeiros da Peneda.

NIVEL TÉCNICO: Baixo **NIVEL FÍSICO:** Medio.

PRAZO DE INSCRICIÓN: Do luns 2 de xullo ao venres 14 de setembro, agás o tempo pechado por vacacións. Por mor de liberar as prazas non cubertas, o prazo rematará cunha semana de antelación á saída.

COTA DA ACTIVIDADE:

Socios Federados: 111€ Non Socios (en período de proba) e federados: 130€.
Os non federados terán que aboar 12 € a maiores polo custe da contratación do seguro de accidentes.

O PREZO INCLÚE: viaxe de ida e volta en autocar, desprazamentos ás 2 saídas de ruta e aloxamento composto de:

- 2 noites de durmir.
- 1 cea (á do sábado 22).
- 2 almozos (os do sábado 22 e do domingo 23).



PREINSCRICION E RESERVA/PAGAMENTO DE PRAZA:

-É posíbel a reserva de praza durante as primeiras dúas semanas do prazo (do 02 ao 13 de xullo), mediante o abono dun anticipo de 25 € (ou aboando a totalidade), previa solicitude ao correo electrónico artabros@artabros.org ou ao teléfono 981 21 31 15. Nestas dúas semanas a inscrición estará reservada so para socios. No resto do prazo poderán apuntarse tanto socios como non socios e só se reserva co ingreso do total da cota.

Non será posible facer pagamentos con posterioridade ao venres 14 de setembro, data na que se liberarán as prazas non cubertas/non totalmente pagadas. En caso de imposibilidade de asistir, o anticipo recuperarase cando se cubra a praza.

Os pagamentos efectuaráanse:

- Na secretaría do Club en c/ Santa Teresa, 14 (a rentes do museo DOMUS) de 20 a 22 h de luns a xoves e os venres de 18 h a 20 h.
- Ingresando o importe da actividade na conta ES25-2080-5565-00-3040002362 (ABANCA, titular: SM Ártabros), e enviando o resgardo do ingreso ou transferencia.

Datos necesarios: Nome Completo + N° teléfono

Nos ingresos por banco o concepto será: **Nome + CASTRO LABOREIRO.**

MONITORES: Arximiro e equipo.

DÚBIDAS: Tfno. Ártabros 981213115 (No horario de 20:00 a 22:00 h de luns a xoves e os venres de 18h a 20 h).

